

BASES PARA O CONCURSO:

500,00€, SERÁS CAPAZ DE GASTALOS?2016

Primeira.- OBXETO

A.C.O.E. pon en marcha o concurso “500€, serás capaz de gastalos?” 2016, que ten coma finalidade a promoción, fidelización e publicidade do comercio local.

Segunda.-ÁMBITO

As promocións e concursos da A.C.O.E., serán de ámbito local.

Terceira.- DURACIÓN

O concurso está previsto levalo a cabo o venres 25 de novembro de 2016. O concursante terá que persoarse nas oficinas da ACOE as 17:00 horas. O concurso levarase a cabo a partires das 17:30 horas e terá un tempo establecido pola ACOE, o cal se lle informará o concursante antes de dar comezo.

Cuarta.- PARTICIPACIÓN

O concursante seleccionárase mediante un sorteo aleatorio de entre tódolos posuidores da tarxeta de fidelización aestradaPlus da ACOE. A sorteo levarase a cabo uns días antes do concurso e nese mesmo día notificaráselle o agraciado. Ademais, no sorteo escolleranse 4 suplentes para que no caso de renuncia ou imposibilidade de contactar co primeiro agraciado pasaremos os seguintes suplentes.

Non poderán participar neste concurso os directivos da ACOE nin a xerente nin tampouco os familiares directos ou en primeiro grao de consanguinidade.

Só poderá participar no concurso unha persoa física, non poderá ter acompañante nin axuda externa e terá que ser maior de idade. Ademais, deberá presentar o seu DNI para poder identificalo.

O día anterior o concursante seleccionará 4 comercios de cada unha das 3 urnas nas que están ocultos os comercios participantes na campaña.

As 17:30 horas comezará o concurso cas seguintes regras:

- Sairá das oficinas da ACOE e irá a pé levando unha cámara na cabeza e irá gravando todo o concurso. O final do concurso será no último comercio no que merque dos 12 seleccionados, no momento que teña a compra feita e con voz clara e alta diga STOP. Ese será o indicador do fin do concurso para o calculo dos tempos.
- Facilitáraselle un papel e un bolígrafo para ir facendo as contas do que vai comprando.
- Non poderá levar móbil nin calculadora.
- Terá un tempo máximo de 30´ exactos, para comprar en tódolos comercios escollidos e levar o mostrador os produtos seleccionados.
- Terá que conseguir que a suma de tódolos produtos escollidos sexa de 500,00 € exactos.
- Non terá un tope de gasto en cada un dos comercios.

No caso de non cumprir algún das anteriores regras perderá o concurso e non poderá levarse ningún dos produtos comprados no concurso.

A ACOE ten previsto un agasallo de consolación en caso de non conseguir gañar o concurso.

O concursante levará unha cámara na cabeza e irá gravando todo o concurso. O vídeo resultante utilizarase para publicar nas redes sociais da ACOE e na súa páxina web. No caso de romper deliberadamente a cámara, anularase instantaneamente o concurso.

O incumprimento dos prazos e tempos marcados pola ACOE será causa suficiente e inescusable para anular o premio outorgado, perdendo o gañador todo dereito a reclamar o mencionado premio. Si o gañador renunciase o premio, poderase exixir que a aceptación ou renuncia se realice por escrito.

Si o gañador renunciase o premio, a organización do concurso declarará o mesmo como deserto.

O participante no concurso acepta que o seus datos e imaxe sexa utilizada para a promoción e publicidade do concurso e da campaña sin que dita utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún, coa excepción da entrega do premio no caso de conseguilo.

A ACOE reservase o dereito a realizar calquera tipo de modificación nestas bases sin previo aviso.

CONCURSANTE

NOME.....

APELIDOS.....

DNI.....

FIRMA.....